



Caldo estrea ao vivo 'Lugar A Ponte', o seu novo disco, este venres 9 en Santiago

A cita terá lugar ás 20:30 horas no Teatro Principal, no marco do festival 'O que non se escribe', e as últimas entradas dispoñibles están á venda en www.compostelacultura.gal

Crnds, Antía Ameixeiras, Begoña Riobó, Claudia Abril, Marta Collazo, Flor Díez, Diego Alonso e Germán Díaz participarán no concerto

7 de xuño de 2023- O Teatro Principal de Santiago de Compostela acollerá este venres, 9 de xuño, a presentación ao vivo de **Lugar A Ponte**, o segundo traballo discográfico de Caldo. O concerto, que terá lugar no marco do festival **O que non se escribe**, comezará ás 20:30 horas e as últimas entradas dispoñibles están á venda no espazo web www.compostelacultura.gal.

Lugar A Ponte, o segundo álbum do trío conformado por Anaís Barbier, María Jorge e Pedro Fariñas, publicouse o pasado 12 de maio [nas principais plataformas dixitais](#). Producido man a man con Alberto Cernadas (crnds), é un disco con dez cortes no que Caldo incorpora novas texturas e atmósferas á súa sonoridade, mais sen renunciar á súa identidade, que agroma e bebe da tradición. Neste sentido, o grupo adapta e toma como punto de inspiración melodías ou temas tradicionais recollidas en lugares de Gargamala, As Neves, Avión, Pontecaldelas e Pazos de Borbén.

Así, *Lugar A Ponte* preséntase coma unha proposta íntima, moderna e potente, ategada de honestidade e de responsabilidade tanto coa tradición coma con elas mesmas. Con este traballo, Caldo abre paso e reivindica o seu espazo no panorama actual coma **unha das agrupacións imprescindibles á hora de entender a renovación e a posta en valor da música tradicional a través da experimentación sonora**.

O concerto de presentación deste venres 9 contará, ao igual que sucede no propio álbum, con numerosas colaboracións e artistas convidadas. Así, ademais da participación do produtor e instrumentista **crnds**, sobre as táboas do Teatro Principal Caldo acompañarase de **German Díaz** (zanfona), **Diego Alonso** (saxo), **Claudia Abril, Flor Díez e Marta Collazo** (voz e pandeireta) e as violinistas **Antía Ameixeiras** (Caamaño & Ameixeiras) e **Begoña Riobó** (SonDeSeu).



CALDO

María Jorge (violín), Anaïs Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita) son **Caldo**. Premiadas co galardón ao Mellor proxecto de música folk nos Premios Martín Códax da Música (2020) e gañadoras do concurso Fran Pérez 'Narf' da Deputación da Coruña (2020), as creadoras de Caldo integran melodías tradicionais galegas e composicións propias con influencias das músicas europeas e atlánticas, unha fusión natural que vai directa ao sentir do público.

O pasado mes de maio o trío publicou **Lugar A Ponte**. Producido con Alberto Cernadas (crnds), neste álbum Caldo avanza na procura e experimentación do seu universo creativo para incorporar novas texturas e atmósferas á súa sonoridade, mais sen renunciar á súa identidade, que agroma e bebe da tradición, e incluíndo gravacións ao directo coma nos seus inicios.

CONVOCATORIA

Data: 9 de xuño de 2023

Lugar: Teatro Principal de Santiago de Compostela

Hora: 20:30

Acto: Presentación ao vivo de *Lugar A Ponte*, o novo disco de Caldo *

* Últimas entradas dispoñibles en www.compostelacultura.gal

Contacto de prensa Caldo

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

Descarga aquí o kit de prensa de Caldo

Management & Contratación

Nave de Lata Cooperativa Cultural | Luneda

Aitana Cuétara - 646 16 50 44

aitana@luneda.gal